


# A marabillosa medicina de George



Título:  
Autor:  
Ilustrador:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

A marabillosa medicina de George  
Roald Dahl  
Quentin Blake  
Xerais  
Merlín  
144  
84-9782-125-4  
De 9 anos en diante

XER AIS



## o autor

### Roald Dahl


Autor británico, fillo de noruegueses e nado en Gales en 1916.

Cando estala a Segunda Guerra Mundial incorpórase á Royal Air Force como piloto de combate, pero un accidente aéreo retirao do servizo e facilítalle a dedicación á creación literaria.

Neste campo, creará novelas e contos para adultos, guións cinematográficos e, sobre todo, obras para o público infantil que o converten nun dos escritores máis lidos no último século. Entre elas podemos citar *Charlie e a fábrica de chocolate*, *As bruxas*, *Matilda*, *James y el melocotón gigante*, *Charlie e o grande ascensor de cristal*, *El dedo mágico*, *¡Qué asco de bichos!*, *Los Mimpins*, *El gran gigante bonachón*, *El vicario que hablaba al revés*, *El rector de Nibbleswicke*, *El cocodrilo enorme*, *La jirafa, el pelícano y el zorro*, *Los cretinos*, *El Superzorro*, *Versos perversos*, *Cuentos en verso*

*para niños perversos*, *Puchero de rimas*, *Mi año*, *Boy: relatos de infancia* e *Volando solo*. Moita da súa obra é autobiográfica, non só as últimas citadas que teñen esa consideración, senón tamén as outras nas que vai deixando as pegadas daquilo que o marcou definitivamente, como a orfandade de pai dende moi pequeno ou o seu paso polas escolas de férrea disciplina e mestres ou compañeiros crueis.

Morreu o 23 de novembro de 1990.



# o ilustrador

## Quentin Blake

Nado en Kent en 1932.

Estudou en Cambridge. Foi director do Departamento de ilustración do Royal College of Art.

Publicou máis de vinte e cinco libros. Recibiu dúas veces o Premio Nacional e o Premio The Children's Laureate, distinción que recoñece a súa traxectoria e contribución ao mundo da literatura infantil inglesa.

## resumo argumental

A avoa de George ten cousas un pouco raras. Cre que as eirugas e as lesmas son deliciosas, e o que máis lle gusta son os escaravellos. Nada do que fai George está ben feito aos ollos da avoa, de maneira que cando é a hora de que ela tome a súa medicina, George decide darlle unha dose da que el mesmo preparou.

Converte a súa casa nunha especie de laboratorio e el nun químico mago que lle prepara unha marabillosa medicina á súa avoa. Cando ela a toma, medra desmesuradamente ata saírlle a cabeza polo tellado. Seguen repartindo desta medicina aos animais da granxa e a todos lles pasa o mesmo. Pero, cando se acaba, George ha de preparar unha nova dose, e esta medicina non lle sairá igual; esta empequenece e, cando a avoa a toma, vaise facendo máis e máis pequena ata desaparecer.

Unha divertida historia na que se mestura realidade e ficción.

# temas e valores



## Educación para a saúde

Facernos conscientes de todo o que hai na casa e o perigoso que pode resultar. Aproveitar para falar dos accidentes domésticos.



## O mal carácter

Algunhas persoas poden resultar tan antipáticas e egoístas que acaben por facerlles perder a cabeza aos demais, aínda que só sexa en soños. Isto daranos pé para comentar a necesidade de pensar nos outros, de non ser tan egoístas como para que só nos pareza importante o noso.



## A esaxeración como un recurso literario

A historia que se nos presenta está baseada nunha grande esaxeración, e esa será unha das razóns pola que nos interesa tanto.



## O humor

A obra está chea de comicidade, de imaxinación e ruptura coa realidade; funciona como unha fantasía de vinganza.

# actividades

## Antes da lectura

---

- Observando o título e a ilustración da portada podemos ir facendo anticipacións do tema da novela. Axudarémonos co texto que aparece na contraportada.
- Na contraportada aparece a páxina web de Roald Dahl. Podemos acudir a ela antes de ler o libro e así comezaremos a lectura xa metidos en ambiente, ou facelo ao final.
- Na presentación do libro podemos pedirllas a todos aqueles que lesen algún libro deste autor que nos falen del.
- Antes de comezar a lectura tamén podemos pasar unha ollada polas ilustracións de Quentin Blake e opinar sobre elas, comentar outras ás que se semellen, etc.
- Nas lapelas do libro tamén atopamos datos do autor e ilustrador, así como doutros libros de Roald Dahl nesta colección.

# actividades

- Nesta posta en común, que formaría parte deses primeiros pasos polo libro, podemos deternos no apartado final de títulos publicados pola colección Merlín para estas idades e falar sobre aqueles que teñamos lido.
- A advertencia para os lectores é un punto importante en relación á educación para a saúde e a seguridade no fogar. Pensemos noutras advertencias que nos recorde esta.
- A presentación de cada personaxe co seu debuxo alusivo nos mete en tema. Logo, conforme leamos a novela, poderemos ir completándoa por medio da descrición de cada un deles.
- O tipo de letra que estamos observando tamén nos animará a comezar a lectura o antes posible.

## Ao longo da lectura

- Imos atopándonos cunha serie de palabras que nos poden resultar algo difíciles, como *gorgorexo*, *lampexar* ou *apócema*. Cada un de nós irá apuntando as súas e poñendo o significado aproximado ao lado. Logo consensuarémolos cos demais.
- De vez en cando chámamos a atención algunha das comparacións que aparecen no texto, como «aburriáse coma unha pataca» ou «coa boca engurrada coma o cu dun can». Busquemos outras e inventemos máis así de divertidas.
- «Iso de medrar é un feo costume que teñen os nenos», di a avoa. Pensemos noutros costumes que tamén poderíamos considerar feos e que fan os que non son rapaces nin rapazas.
- Dise que a avoa pasa o tempo «queixándose, rosmando, griñindo, fungando e protestando». Seríamos quen de aumentar a listaxe? Probemos.
- Conforme imos lendo, falemos acerca de quen nos parece máis razoable, se o neno ou a avoa. Coñecemos algunha avoa dese talante? E algunha outra persoa que nos resulte así de antipática? Pensemos e poñámolo por escrito.
- Revisemos as barbaridades que lle di a avoa a George, con que quere asustalo, por que o fará...
- A receita da medicina da avoa parece escrita en verso. Podemos probar a lela entre varios dándolle ritmo e observar como se escoita.
- A continuación, tentaremos elaborar unha nova receita con diferentes ingredientes, e de maneira que tamén soe ben.
- Podemos realizar un esconxuro para esa receita, igual que se fai coa queimada.

## Despois da lectura

- Recoller as opinións que temos sobre este libro. Falar do que nos gustou e do que non. Escribir, entre varios, unha recomendación que poderemos colocar no taboleiro da biblioteca ou publicar na revista escolar.
- Buscar outros libros de Roald Dahl. Realizar unha exposición. Animarnos a lellos e, despois, comentalos entre todos a modo de libro foro.

# ficha 1

- Contestemos ás preguntas:

—Cantos anos ten George?

---

---

—Que atopa George, no cuarto de baño, cando anda buscando ingredientes para a medicina da avoa?

---

---

—Que consegue no dormitorio?

---

---

—Que colle no cuarto da lavadora?

---

---

—E na cociña?

---

---

- Observemos os produtos que podemos atopar na nosa casa, lugar por lugar. Tomaremos nota do nome, da marca comercial, dos *slogans* e da función para a que se destinan.

—COCIÑA

---

---

---

—DORMITORIO

---

---

---

—BAÑO

---

---

---

## ficha 2

- Recollamos onomatopeas que aparezan no texto:

Plop

_____	_____	_____
_____	_____	_____

- Completamos a listaxe con outras que coñecemos:

_____	_____	_____
_____	_____	_____

- Continuemos as comparacións:

Chamuscada coma un chourizo  
fervida coma unha remolacha

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

fritida coma unha pataca

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Cando George pensa en darlle unha lección á avoa hai unha serie de castigos que se lle ocorren como:

Poñerlle un petardo debaixo da cadeira

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Bótalle unha man a George dándolle algunha outra idea:


\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Escribamos contrarios ao estilo de INCHAR e DESINCHAR:

_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

- Enumeremos todo o que lle pasa á avoa cando toma a medicina de George:

- |                              |           |           |
|------------------------------|-----------|-----------|
| 1. Subiu disparada polo aire | 6. _____  | 11. _____ |
| 2. Quedou suspendida...      | 7. _____  | 12. _____ |
| 3. _____                     | 8. _____  | 13. _____ |
| 4. _____                     | 9. _____  | 14. _____ |
| 5. _____                     | 10. _____ | 15. _____ |



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>**

**EDICIÓN XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro Martínez, 2005  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005  
Depósito legal: VG. 413-2005